

Nos títulos, pero tamén nos descensos. Forza Burela! Voltaremos!

Vinte e cinco de abril do 2012. Se alguén busca esa data en Google probablemente a referencia deportiva que atopo sexa unha semifinal de Champions entre Real Madrid e Bayern de Múnic que se decidiu cun portentoso lanzamento de Sergio Ramos. O mesmo tempo, aquí en Burela xogábase unha



das últimas xornadas da Segunda División masculina de fútbol sala entre o noso club e o filial do FC Barcelona. Esa noite a vitoria laranxa servía para dar un paso cara o play-off de ascenso e tamén para certificar un ano máis a permanencia nesta categoría. Algúns estaban no Vista e outros, a maioría, estaban vendo o "Madri". Esa tempada rematou co Burela en primeira pese a perder o play-off en Martorell. Semella que foi oeste, pero foron cinco anos maravillosos, que pasaron voando. Ata este venres que perdemos a categoría do equipo masculino. E fomos a Copa de España, dúas veces. E fixémoslle ao Pozo xogar un desempate en Murcia. E xogamos as semifinais da Copa do Rei. E gañámoslle a Inter e empatamos co Barça. David no medio dunha morea de Goliats. Alí crimos que era o normal. Levantamos os pés do chan e perdemos a percepción da realidade. Todos. Non nos valía o décimo posto, estar entre os mellores era case obriga e non vimos o perigo real do descenso. Ata este venres, cando o noso emblema, Iago Míguez, era a imaxe coa súa choreira. Igual ca sendo un cativo de 6 anos, enfundado na mítica camisola verde do Barça, cando perdía o partidillo do adestramento no mesmo pavillón, da-

queña unha pista de cemento. O mesmo Iago. Toda unha revelación. Voltamos comezar?

O título de campión do equipo xuvenil quere dicir tamén moitas cousas. Unha entidade de futuro debe saber converter as adversidades en oportunidades e esta é moi grande. Tan grande coma o CD Burela FS. Que no intre seguinte a estar descendido felicitou os seus rivais. O seu presidente non agardou nin un minuto para saudar os rapaces que perderon a liga contra os laranxas o domingo.

Cometemos moitos erros pero algo faremos ben para ter un dos mellores equipos da liga feminina. Temos que valorarnos máis, a nós, ós nosos, tan capaces coma os de fora. Capaces de voltar a encher Vista Alegre en primeira, aínda sendo os décimos. Para non valorarnos na nosa xusta medida xa estiveron as grandes institucións e medios públicos.

Nos títulos, pero tamén nos descensos. Somos da Mariña, cheiramos a mar. Forza Burela! Voltaremos!

Mario Pillado é o voceiro do BNG en Burela